



A CASA DO PATRÓN, UN GRAN COMPLEXO NATURAL, ETNOGRÁFICO, ARQUEOLÓXICO E GASTRONÓMICO

Manuel Blanco Villar

A Casa do Patrón, é o gran ecomuseo do mundo rural galego, un canto silencioso á grandeza da historia, da cultura, da espiritualidade e da beleza natural do mundo rural galego, formado por un fantástico conxunto natural, etnográfico, arqueolóxico e gastronómico sito no mesmo corazón de Galicia, a tan só 9 km de Lalín, na aldea de Codeseda, parroquia de Doade.

Este complexo está formado polos seguintes elementos singulares, todos eles visitables e abertos ao público durante todo o ano, de martes a domingo, incluídos días festivos, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas:



Vista exterior do edificio matriz Casa do Patrón.

a) O Museo Etnográfico Casa do Patrón

É un Museo no Rural, con máis de 2.000 m² de exposición distribuídos en tres edificios, nos que se expoñen máis de 4.500 pezas recollidas ao longo e ancho de toda a xeografía galega. Pequenos apeiros cunha gran historia, auténticos símbolos da Galicia dos últimos tres séculos, que o converten na maior mostra de etnografía de toda a comunidade galega, tanto en tamaño como en variedade expositiva.

Dispón de 13 salas temáticas de exposición espalladas en tres edificios, nas que podemos observar antigas escolas, pasando polos costumes da vida dos nosos devanceiros, oficios esquecidos, moitos deles xa desaparecidos, unha taberna típica de aldea, forno de leña tradicional, que aínda utilizamos para facer demostracións do cocido artesanal do pan, restaurante de comida caseira, biblioteca, salón de lectura, aulas de actividades, auditorio...



Vista xeral da Sala do Liño.

A visita consiste nun percorrido organizado que

transcorre por todas as salas, de tal modo que ao finalizar os visitantes levan una visión moi completa da historia e costumes da Galicia ancestral.

Os visitantes van acompañados en todo momento por persoal do museo que guía a visita completándoa coa axeitada información etnográfica, histórica e antropolóxica dos apeiros contidos en cada estancia.

b) Un Museo de Arqueoloxía, formado por:

1) O Castro de Doade, popularmente coñecido como a “Aurela do Castro”, ou “Castro do Penedo”, cun eixo exterior máximo de 120 m., está situado no extremo setentrional dunha lomba, cerca da rotura da pendente cara o Val do río Asneiro, a 100 m. do lugar de O Penedo e Taín, e a 200 m. da aldea de Codeseda, parroquia de Doade, a 300 m do Museo Casa do Patrón, e a 60 m. da ruta do Museo da Paisaxe, con acceso fácil e permanente á mesma a través dunha derivación da ruta de sendeirismo homologada PR-G210. Coordenadas: UTM (ETRS89-Huso 29) 570.775-4717.617 e encóntrase a unha cota máxima de 544 m.

Ten intervisibilidade con outros tres castros próximos: Ludeiro-Vilatuxe (2,7 km), Vilanova (1,7km) e Costoia (3,5km). Tamén se divisan a práctica totalidade dos lugares de Doade, Vilanova, Soutolongo, así como parte da parroquia de Botos, constituíndo un fermoso miradoiro, cunhas vistas panorámicas únicas sobre o Val do Asneiro.

Ao redor do castro, rexístrase abundante folclore relativo á presenza de numerosas lendas de “mouros” e tradicións que mencionan a aparición de ouro, grazas á recompilación da tradición oral da zona efectuada polo Museo Casa do Patrón.

anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, coa escavación e consolidación de varias estruturas habitacionais (vivendas, construcións auxiliares) e defensivas (lenzos interno e externo da muralla e tres fosos de gran profundidade), debidamente sinalizados, informados e visitables, e o achado de máis de 21.500 restos arqueolóxicos mobles (barro, líticos, materiais de construción, ferro, bronce...) todos eles depositados na Sala de Arqueoloxía do museo.



Vivendas castrexas

Estruturas habitacionais e defensivas escavadas e consolidadas:

*Estruturas habitacionais: varias vivendas circulares, unha delas de gran tamaño, construcións auxiliares, así como parte do lenzo e do reforzo interior da muralla de protección. Documentáronse polo momento tres fases diferentes de ocupación, dende o século V a. de C.

*Estruturas defensivas: escaváronse e consolidáronse os lenzos externo e interno da muralla, así como tres fosos circundantes de gran tamaño e profundidade.

2) Sala de Arqueoloxía no Museo Casa do Patrón, que alberga restos arqueolóxicos acompañados de información gráfica en módulos expositivos.

Acometéronse seis campañas arqueolóxicas nos



Vista panorámica da Sala de Arqueoloxía.

O centro da sala está ocupado por unha mesa de exposición rectangular coas maquetas e réplicas de casas castrexas e algunha pequena peza con características relevantes (fíbulas, fusaiolas, machados neolíticos).

3) Réplica dunha gran casa castrexa:

Finalmente, para uso didáctico dos centos de colexios que visitan o museo, acometemos a construción dunha fiel réplica da gran casa castrexa circular atopada no castro de Doade, con solado de barro, paredes de pedra e teito de madeira e palla, dentro do recinto museístico da Casa do Patrón.

No seu interior podemos contemplar o lar, un banco corrido de pedra, o leito, diversos alimentos e réplicas de cerámica, muíños circulares e naviformes, teares, frechas e peles de animais, para realizar actividades e demostracións recreando a vida castrexa.



Vista exterior da réplica dunha casa castrexa.

c) A Aldea de Codeseda: aínda que de pequeno tamaño, goza dende as súas orixes dun patrimonio importante, como unha antiga capela da que hoxe en día só se conserva a cimentación e as imaxes relixiosas. Conta tamén con varias vivendas de pedra e varias construcións adxectivas restauradas (hórreos, alpendres, fornos, palleiras, fontes...).

Tamén forma parte deste lugar o conxunto denominado "A Cruz" composto por dúas casas típicas de pedra destinadas a vivenda, así como un cruceiro, un hórreo de pedra e un forno de leña tradicional.

A Casa do Patrón, contando coa total colaboración da veciñanza, acometeu no ano 2007 a restauración arquitectónica exterior integral do pobo de Codeseda, converténdoa nunha aldea singular, prototipo da aldea popular galega, moi ben comunicada e coidada polos veciños, asolagada por unha impresionante paisaxe natural de enorme riqueza medioambiental.

d) A Contorna Natural Biosaudable de “entre ríos”,

un espazo natural nas ribeiras do río Asneiro, con área recreativa propia, na que podemos descansar baixo a agradable sombra da ampla masa arbórea existente, ou mesmo tomar o sol ou gozar dunha comida en familia ou con amigos nos seus bancos e mesas de madeira e pedra, vendo como funcionan os dous muíños fariñeiros de “A Ponte” e “Entre os Ríos”. Tamén serve de marco para a festa do río Asneiro, no mes de xullo de cada ano.

Conta cun completo estudo da Facultade de Bioloxía da USC sobre as características, problemas e formas de coidar a flora, a fauna, análise de augas, etc.

e) Sendeirismo:

* **Ruta circular homologada de sendeirismo do Castro de Doade, PR-G210:** sendeiro de 14,5 km. de percorrido polas ribeiras do río, con derivacións ao Castro de Doade, Carballo Monumental de Soutolongo e Vía da Prata á altura do lugar de Medelo (Xesta).

De baixa dificultade, transcorre bordeando as mansas correntes do Asneiro, con muíños, hórreos e igrexas restauradas, fermosos meandros, tostas, carballeiras, soutos, piñeirais, verdes prados, nun sendeiro abarrotado de preciosas paraxes.

* **O museo da paisaxe:** ruta de 31 km. de percorrido, deseñada e posta en marcha polo Concello de Lalín no ano 2008, dende Mouriscade ata Zobra con centro operativo na Casa do Patrón.

* **16 Camiños do Deza:** Ruta cabalar de longo percorrido, composta por varias rutas circulares, que conflúen no club de hípica Juan Oliveira, pasado pola aldea de Codeseda.

f) Restaurante de comida tradicional galega: un restaurante de comida caseira, sempre previa reserva, situado dentro dunha gran sala do Museo Casa do Patrón, que nos permite degustar os exquisitos manxares realizados coas auténticas receitas tradicionais, regados cos mellores viños e licores da

nosa terra, que combina a beleza e a sabedoría dos nosos ancestros que irradian os centos de apeiros que acubillan as súas paredes coa atención personalizada aos nosos clientes.



Vista panorámica do restaurante Casa do Patrón.

Ademais do insuperable Cocido de Lalín cos grelos e patacas da nosa horta, costela ao forno, callos, cazola de pescada, bacallau ao forno, a típica “carne ao caldeiro”, cabe as nosas especialidades como as empanadas de chourizos e torresmos, empanadas de bacallau, bolos preñados, elaboradas no forno tradicional de leña, amasadas á man.

E as sobremesas especiais da casa, elaboradas de xeito artesanal: brazo de xitano, torta de noz, torta de queixo, flan de café, torta de fresas, xunto coas típicas sobremesas do Cocido de Lalín como as cañas, filloas, orellas, leite frita...

Actividades periódicas de carácter anual:

* **Xornadas de saúde e vida natural**

Dende o ano 2008, no mes de abril, celébranse estas xornadas de saúde e vida san, onde naturistas, médicos, investigadores e outros profesionais na materia realizan diversas presentacións sobre os avances dunha forma de vida natural e as técnicas de prevención de doenzas.

*** A malla tradicional**

Representa o traballo colectivo máis importante da agricultura rural en Galicia, tódolos veciños axudábanse mutuamente e durante un tempo toda a aldea dedicábase a mallar en común o trigo e o centeo, para moer a fariña e cocer o pan durante o resto do ano.

No ano 2000 Casa do Patrón comezou a recrear esta práctica no mes de agosto, e dende entón podemos ollar as cinco formas máis antigas de mallar: á pedra, con males, con malladoira manual, con máquinas e motores e con malladoiras de tractor.



Vista panorámica da Malla Tradicional da Casa do Patrón.

O traballo acompáñase dun xantar popular, demostracións artesanais, exposición de máquinas e motores e un longo serán vespertino de música popular. Todo un referente, que pronto será declarado «Festa de Interese Turístico de Galicia»

*** O proceso do liño**

Dende 2010, a Casa do Patrón, en colaboración cos veciños de Codeseda recrea as tarefas do proceso de fiado e tecido do liño.

Recuperamos este complexo proceso xa desaparecido, nunha xornada demostrativa na que se recrean o mazado, espadelado, restrelado, fiado e tecido desta fibra vexetal tan importante na historia de Galicia.

*** Obradoiros e actividades:**

Durante todo o ano, na Casa do Patrón pódense realizar tamén obradoiros e actividades para todo o público en xeral, tanto a nivel individual como familiar, para grupos escolares, asociacións, institucións ou colectivos de calquera tipo, dirixidos especialmente cara os máis novos, no que os nenos participantes levan para as súas casas o produto elaborado por cada un

- O cocido tradicional do pan en forno de leña.
- A feitura artesanal do queixo.
- Obradoiro de cerámica.
- Cestería manual.
- O tecido tradicional.
- O proceso do millo.
- As castañas.
- Sendeirismo.
- Recreacións da vida castrexa.

*** Libros e vídeos editados:**

*** Libros**

- Os Bolechas queren saber como é a "Casa do Patrón"
- Etnografía e tradición de Lalín
- Sendeirismo: Ruta da "Casa do patrón"
- O túnel da Abeleda: 30 anos de sacrificio
- A enerxía dos ríos na Comarca de Deza
- Museo Casa do Patrón: Historia, contido e entorno
- A Casa do Patrón: o gran Ecomuseo do mundo rural galego (2 edicións)
- O Segredo do Castro de Doade
- Guía Turística e Arqueolóxica do Castro de Doade
- Unha cita coa historia: vinte anos de Malla Tradicional en Doade (Lalín)
- O Castro de Doade: unha fortificación da Idade do Ferro no Corazón do Deza.

*** Dvd**

- O proceso do pan.
- A forxa.
- O liño.
- Os oficios: Cestos e sombreiros.
- Museo Etnográfico "Casa do Patrón"